

Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Subvencións e axudas**

*BASES DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES CULTURAIS A CENTROS, ASOCIACIONES
E ENTIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2025*

*BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES CULTURAIS A CENTROS,
ASOCIACIONES E ENTIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2025*

PRIMEIRA.— DEFINICIÓN.

As presentes Bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións en réxime de libre concorrència para fomentar as actividades que no eido da cultura e todas as súas facetas, promovan asociacións e entidades sen fin de lucro, que poidan ser consideradas de interese social para o Concello de Redondela, dirixidas á poboación en xeral, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

SEGUNDA.— OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Poderán ser obxecto de subvención as actividades culturais dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter anual, no eido cultural en todas as súas vertentes. Estas actividades deben ser iniciadas e rematadas durante o ano 2025, abrangendo o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2025.

Serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido, tales como:

- Os gastos en material estritamente necesario para a realización da actividade cultural.
- Os gastos en mestres/as que impartan a actividade cultural.
- Os gastos do seguro de Responsabilidade Civil da actividade.

Quedan excluídos da presente convocatoria, e por tanto non serán obxecto de subvención, as seguintes actividades e investimentos:

- Os gastos de investimentos: obras e bens inventariables.
- As cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións.
- Os gastos incompatibles coa aplicación orzamentaria á que se imputa o gasto desta convocatoria.



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

- Os intereses debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas ou xudiciais nin os gastos que puideran producir os seus respectivos procedementos.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- As actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións do Concello de Redondela, ou a través de convenios asinados co Concello.
- As actividades deportivas, que teñen a súa propia convocatoria.
- Os gastos de funcionamento das entidades e os gastos correntes dos locais, que teñen convocatoria aparte.
- As viaxes de lecer, as excursións.
- As festas gastronómicas e as festas populares, que teñen convocatoria aparte.
- Os gastos gastronómicos, calquera que sexa a súa finalidade.
- Os agasallos.
- Calquera outra actividade que non sexa cultural.

TERCEIRA.— IMPORTE DA SUBVENCIÓN.

O crédito global que se dispón para o outorgamento destas subvencións será de 20.000 euros, con cargo á partida 3341A4890000 do orzamento vixente.

Tendo en conta o carácter de concorrencia competitiva desta convocatoria, no caso de que o importe das axudas correspondentes ás solicitudes recibidas supere a dotación orzamentaria disposta, reducirase a contía subvencionable de maneira proporcional entre as beneficiarias, de tal xeito que non se supere a cantidade consignada para tal fin.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria. Se así fora, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, calquera alteración das condicións para a concesión das subvencións poderá dar lugar á modificación do acordo de concesión.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as subvencións concedidas polo Concello.

CUARTA.— ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Terán a consideración de entidade beneficiaria das subvencións desta convocatoria todas as asociacións e entidades validamente constituídas sen fin de lucro, que teñan o seu domicilio social no Concello de Redondela, realicen actividades de interese cultural e se atopen debidamente



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Redondela, cun mínimo dun ano previo á convocatoria destas bases de axudas e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Redondela.
- c) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda ante o Concello de Redondela para o mesmo obxecto para o que se solicita a nova subvención.
- d) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, co Concello e coa Seguridade Social.

En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases aquelas nas que se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quedan excluídas desta convocatoria aquelas actividades ou programas que veñan regulados noutras convocatorias do Concello de Redondela.

QUINTA.— DOCUMENTACIÓN.

De acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación e tramitación desta subvención farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>). No caso de que as entidades acheguen a súa solicitude en papel, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica, considerando coma data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación e que deberá realizarse dentro do prazo que se recolle na base seguinte.

A documentación presentada será a recollida no Anexo I desta convocatoria.

Se as entidades non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que subsane as deficiencias en dez días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do Concello de Redondela enviándose á conta de correo electrónico que conste na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O Concello de Redondela xestionará de oficio o certificado municipal de estar inscrito no Rexistro municipal de asociación e o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración local. Ademais, naqueles casos nos que sexa obrigatorio, e sempre que a



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

persoa representante da asociación autorice a este Concello, incorporaranse os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda Autonómica.

Non se terán en conta as solicitudes que se reciban fora de prazo, con independencia do procedemento que se empregue, nin as que non se presenten no modelo oficial.

SEXTA.— PRAZO DE SOLICITUDE.

Estas Bases e Convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Redondela e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O prazo de solicitude rematará o 31 de outubro. O prazo iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria.

SÉTIMA.— CONCESIÓN DE SUBVENCIONES.

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrência competitiva, polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de avaliación previamente fixados nestas bases, e adxudicar as subvencións segundo esas valoracións.

A contía da subvención estará en función, dos puntos acadados nos criterios do baremo e dos recursos con que conte o beneficiario para cubrir parcialmente os proxectos. As solicitudes presentadas deberán acadar, cando menos 2.00 puntos para poderen ser subvencionables, segundo o baremo establecido nas presentes bases.

As axudas que se concedan ao abeiro da presente convocatoria non poderán superar o importe de 3.000,00 € por entidade solicitante.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos. En calquera caso a subvención municipal non poderá superar o 70% do custo da actividade.

A concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrência competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria mencionada na base Terceira e atendendo aos seguintes criterios obxectivos:

1. Criterio para a valoración da entidade solicitante:

A.- TEMPO QUE LEVA FACENDO ACTIVIDADE CULTURAL	
Mais de 2 anos	0,25 Puntos
Mais de 3 anos	0,5 Puntos
Mais de 4 anos	0,75 Puntos
Mais de 5 anos	1 Punto



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

2. Criterio para a valoración da actividade/s ou proxecto/s:

1.- Ámbito xeográfico da actividade (referido ó número de parroquias)		2.- Duración do programa	
1 parroquia	0,25 puntos	Menos de 25 horas	0,25 puntos
2 parroquias	0,5 puntos	Entre 25 e 50 horas	0,5 puntos
3 parroquias	0,75 puntos	Entre 51 e 75 horas	0,75 puntos
4 ou máis parroquias	1 punto	Máis de 75 horas	1 punto
3.- Consolidación temporal do proxecto		4.- Colaboración expresa con outras asociacións do Concello directamente na organización.	
2º ano de realización	1 punto	Colaboración entre 2 asociacións	0,25 puntos
Entre 3 e 4 anos	2 puntos	Colaboración entre 3 asociacións	0,50 puntos
5 anos	3 puntos	Colaboración entre 4 asociacións	0,75 puntos
6 anos	4 punto	Máis de 4 asociacións	1 punto
5.- Poboación beneficiaria da actividade		6.- Permanencia da actividade ao longo do ano	
Ata 75 persoas	0,25 puntos	Por cada mes de actividade/ proxecto (máximo 3 puntos)	0,25 puntos
Entre 76 e 150 persoas	0,50 puntos		
Entre 151 a 225 persoas	0,75 puntos		
Máis de 225 persoas	1 punto		
7.- Accións de recuperación patrimonial (etnográfica, musical, tradición oral, recuperación do patrimonio material e inmaterial)			1 punto
8.- Ter concedida algunha outra subvención ou axuda dos organismos públicos (deberase achegar fotocopia da concesión).			1 punto
9.- Autonomía e capacidade financeira			
A suma total da subvención representa menos do 70% do gasto da actividade/s			1 punto
A suma total da subvención representa menos do 50% do gasto da actividade/s			3 puntos

A contía da subvención que se concederá a cada unha das solicitudes será en función da puntuación acadada por cada unha delas, axustándose aos seguintes tramos:

Menos de 2,00 puntos: 0,00 €
 De 2,00 a 4,29 puntos: 300,00 €
 De 4,30 a 5,74 puntos: 600,00 €
 De 5,75 a 7,19 puntos: 900,00 €
 De 7,20 a 8,59 puntos: 1.200,00 €
 De 8,60 a 10,04 puntos: 1.500,00 €
 De 10,05 a 11,49 puntos: 1.800,00 €
 De 11,50 a 12,94 puntos: 2.100,00 €
 De 12,95 a 14,39 puntos: 2.400,00 €
 De 14,40 a 15,79 puntos: 2.700 €
 De 15,80 a 18,00 puntos: 3.000 €

Na valoración terase en conta o seguinte:

1. O importe da subvención concedida non poderá superar, en ningún caso, o 70% do orzamento presentado para a realización da/s actividade/s, diminuídas na/s subvención/s declarada/s.



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

2. No caso de que sumadas todas as cantidades propostas como subvención para as distintas propostas, excedan a consignación total, modificaríanse as mesmas aplicando reducións proporcionais a cada unha delas, para que a suma total non exceda da cantidade recollida na base terceira.
3. Cada entidade poderá presentar ata un máximo de tres actividades.
4. A puntuación dos criterios 1.A (tempo que leva facendo actividade cultural) e 2.3 (Consolidación temporal do proxecto) puntuaranse en función das convocatorias dos anos 2019 a 2024.

OITAVA.— PROCEDIMENTO.

A instrución do procedemento corresponderalle á/ao funcionaria/o designado para o efecto, en diante Instrutor/a, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será a persoa encargada de requirir ás entidades solicitantes a emenda das deficiencias.

Realizarase un certificado acreditativo das solicitudes presentadas.

Logo de que o/a Instrutor/a avalíe as solicitudes segundo os criterios, formas e prioridades establecidas nestas bases, elevarase a unha comisión de avaliación integrada polo Concelleira de Cultura, que actuará de presidenta, Dona María Rita Pérez Taboas, a concelleira Dona Iria Vilaboa Álvarez e o concelleiro Don Antonio Cabaleiro Covelo, actuando coma suplentes Don Alberto Álvarez Pérez e Don Pedro Villaverde Campos respectivamente, a funcionaria Dona Elena Barciela Alonso e o/a instrutor/a designado/a pola concellería de cultura, que actuará como secretario/a con voz pero sen voto. No caso de ter que variar as persoas da comisión ou de nomear suplentes, designarase por Resolución da Alcaldía.

A Secretaria recollerá o debatido na correspondente acta.

O/A Instrutor/a, tras a acta da comisión, formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada.

No caso de que na valoración a comisión ou o/a Instrutor/a utilizaran datos diferentes dos achegados polas entidades, abrírase un prazo de dez días para que todas as entidades interesadas poidan presentar as alegacións que estimen oportunas. Logo de examinar as alegacións presentadas, de ser o caso, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, de conformidade con esta base, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, con relación dos proxectos e das entidades solicitantes para as que se propón a concesión de subvención, con expresión da súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala. Xunto coa proposta, a Instrutora emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

despréndese que as entidades beneficiarias cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O Concello de Redondela poderá, en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención, solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

NOVENA.— RESOLUCIÓN.

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización, de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A partir da proposta e tras o informe da Intervención Municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante Resolución na que se especifique a relación de entidades ás que se lles concede a axuda e a desestimación das restantes solicitudes.

Contra a anterior Resolución, por esgotar a vía administrativa, poderase interpoñer, á elección das entidades:

RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), perante a Alcaldía do Concello, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso entenderase desestimado se transcorre outro mes, desde a súa interposición, sen que lle sexa notificada a resolución expresamente.

RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, segundo o disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA) directamente, perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á data de notificación desta Resolución.

Contra a desestimación expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se notifique a resolución. A desestimación por silencio non está suxeita ao prazo de caducidade previsto no artigo 46.1 da LXCA.

Todo isto sen prexuízo de que, se o considera conveniente, interpoña outros recursos procedentes. Sinalándolle que, a interposición de recursos non suspende a execución do acto administrativo, sen prexuízo do disposto no artigo 117.2 da LPAC.

O acordo de concesión non terá que distribuír obrigatoriamente a totalidade do crédito.

O prazo máximo para resolver será de tres meses contados a partir da finalización do prazo para a solicitude das subvencións. Transcorrido o devandito prazo, as entidades solicitantes ás que non se lles notifique resolución expresa, entenderán que a súa solicitude foi denegada.



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

As axudas teñen carácter voluntario e polo tanto non existe a obriga de concesión a todas as solicitudes que se presenten. Non xerarán ningún dereito a obtención doutras subvencións en anos anteriores, e non se poderán alegar como precedente.

DÉCIMA.— PRAZO DE NOTIFICACIÓN.

O outorgamento das subvencións notificarase ás entidades interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 42 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestou o contrario, entenderase que acepta a subvención que queda suxeita ós deberes derivados da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

UNDÉCIMA.— OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

As entidades beneficiarias das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:

1. Cumprir co obxectivo, realizar a actividade e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
2. Xustificar ante o Concello de Redondela o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En todo caso, a actividade debe ser realizada conforme á normativa vixente aplicable á actividade de que se trate.
4. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
5. Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
6. Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
7. Facer constar, naquelas actividades que así o permitan, que contan coa subvención do Concello de Redondela. Deberá figurar a colaboración do Concello de Redondela en calquera dos soportes publicitarios da actividade subvencionada.
8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
9. Desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

10. As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.
11. As publicacións, carteis, publicidade e toda a produción escrita de todas as actividades subvencionadas polo Concello de Redondela sempre en lingua galega, de acordo coa lexislación e coa Ordenanza reguladora do uso do galego no Concello de Redondela (BOP núm. 196, do 9 de outubro de 1998). Así mesmo respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo coa Lei 3/83, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
12. Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, ca mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela. As mencións deberán efectuarse en lingua galega. A Asociación comprométese a unha utilización respetuosa do nome e imaxe do Concello de Redondela.

Asemade, non será posible efectuar ningún pagamento por concesións de subvencións cando transcorra o período de tempo para xustificar a aplicación de fondos sen que se cumprira este requisito.

O Concello de Redondela poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

DUODÉCIMA.— XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación mediante os formularios correspondentes debidamente cubertos conterà a documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación da actividade realizada coa finalidade para a que foi concedida a subvención e deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Redondela, no prazo dos 20 días hábiles seguintes a data de finalización da actividade subvencionada que conste no Anexo II da solicitude, salvo que este prazo superase a data do 30 de novembro no que sería este a data límite de xustificación. No caso de que a actividade xa estivera rematada antes da concesión da subvención o prazo de 20 días hábiles comenzará a contar dende o seguinte ó da notificación de resolución de concesión da subvención.

A xustificación, que será baixo a responsabilidade da entidade declarante será obrigatoria para o libramento dos fondos por parte do Concello, suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da subvención concedida. Coa xustificación deberase acompañar o importe do resto dos fondos que financien a actividade subvencionada, así como a súa procedencia. No caso da obtención de subvencións ou axudas doutras Administracións ou organismos achegárase copia das facturas xustificativas das mesmas que deberán corresponder co período subvencionado pola devandita administración.

As entidades beneficiarias presentarán unha declaración responsable de acordo co establecido no Artigo 24.5 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:05RH0GO5UB01XZDS



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

Se a entidade beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía poderá acordar a compensación.

As facturas presentadas serán escaneadas das orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e correspondentes ao período para o que esta foi concedida. As facturas que se presenten na xustificación deberán atoparse pagadas e aportar o xustificante bancario das mesmas. Non se aceptarán como xustificación facturas pagadas en efectivo.

AS FACTURAS PRESENTADAS PARA XUSTIFICACIÓN CONTARÁN SEMPRE COS SEGUINTE DATOS:

1. Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.
2. Identificación completa do/a provedor/a, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.
3. Número de factura.
4. Lugar e data da emisión da factura.
5. Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.
6. Período que corresponda.

No caso de xustificar o gasto mediante nóminas, estas deberán vir acompañadas dun certificado da/o Secretaria/o da entidade beneficiaria no que se estableza cal é a porcentaxe do importe da devandita nómina que se imputa a xustificación. A xustificación de gastos salariais non serán admisibles se estes se refiren a persoal que se atope en situación de incapacidade temporal se esta supera o mes ou en ERTE.

Para o caso de xustificación de seguros sociais a cargo da entidade beneficiaria presentárase a relación nominal de persoas traballadoras e o recibo de liquidación de cotizacións dos meses que se presenten na xustificación da subvención e se non se deduce claramente da documentación, deberá constar certificado da/o secretaria/o no que se estableza a contía imputable á xustificación. Este importe deberá ser acorde coa cantidade imputada do salario da/o empregada/o.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido, e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo nos casos de pagamentos a conta.

Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados dende o comezo das actividades subvencionadas ata que finalice o prazo de xustificación.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións, nin como de calquera tributo ou prezo público satisfeito



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

ao Concello. Tampouco serán gastos xustificables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais.

Se as axudas doutras Administracións Públicas son superiores ás previstas ou declaradas pola entidade beneficiaria no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención destas Bases, a contía total de gastos, o importe da subvención verase reducido na cantidade que corresponda para que o gasto non sexa inferior ás axudas.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano instructor da Base oitava avaliará se, coa xustificación presentada por cada entidade beneficiaria, se cumpre coa finalidade básica da subvención. Posteriormente, de ser favorable a valoración, as xustificacións e a proposta que elaborará a Concellería de Cultura a partir das mesmas serán fiscalizadas pola Intervención Municipal.

Tras a xustificación, a proposta da Concellería e a fiscalización da Intervención Municipal, o órgano competente resolverá facendo mención expresa a que se comprobou a realización da actividade e o cumprimento da xustificación, e nese caso proporase que se lle recoñeza a obriga e que se efectúe o correspondente pagamento.

O pagamento da subvención alcanzará o 70% do importe xustificado, sendo o límite a cantidade concedida. No caso de que a entidade beneficiaria non xustifique a totalidade do gasto da subvención concedida, realizarase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e cando se cumplan co resto dos requisitos destas Bases.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Alcaldía iníciase o expediente de anulación do correspondente compromiso por revogación da concesión da subvención.

DÉCIMO TERCEIRA.— PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DAS BASES.

Procederáse á publicación na páxina web do Concello de Redondela, no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello e na base de datos nacional de subvencións. En todo caso, o acordo de concesión será exposto durante 30 días no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello, onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, as entidades beneficiarias, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención. Así mesmo, e cando algunha das axudas concedidas a un beneficiario sexa superior a 3.000 € procederáse á publicación no no Diario Oficial de Galicia dun extracto do acordo de concesión das axudas indicando os lugares onde se atopan expostas o seu contido íntegro.

Igualmente, será obxecto de publicación na base de datos nacional de subvencións, de acordo co artigo 20.5 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 4 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

Protección de datos de carácter persoal.

As persoas solicitantes interesadas autorizan a cesión dos datos á Base Nacional de Subvencións dependente da Intervención Xeral da Administración do Estado.

O seu contido terá carácter reservado, sendo de aplicación, en o referente ao dereito de acceso, de acordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o acceso a o seu contido realizarase segundo os procedementos e con o ámbito establecido no artigo 20.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Cando teñan que que publicarse datos persoais das persoas físicas beneficiarias, haberán de cumprirse en todo caso, os principios e a normativa de protección de datos, incluíndo a forma en que haberán de publicarse os seus devanditos datos persoais identificadores.

Os datos persoais publicados serán exclusivamente os necesarios para o fin do tratamento.

Con todo, non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando:

- a) A información contida na BDNS ou o propio obxecto da convocatoria proporcione información ou datos especialmente protexidos das persoas beneficiarias ou relativos ás categorías especiais de datos relacionados nos artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
- b) A persoa física atópese nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra a muller.

Todo elo nos termos do artigo 7.5 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

DÉCIMO CUARTA.— REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación de subvención, que levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

As cantidades devoltas terán carácter de dereito público.



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

DÉCIMO QUINTA.— INSPECCIÓN E CONTROL.

O Concello de Redondela, a través da Intervención Municipal, poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Asemade será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.— INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Estas Bases quedan en materia de infraccións e sancións ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 28 da OMS.

DÉCIMO SÉTIMA.— RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

Estas Bases e as subvencións que se concedan de acordo con elas efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

1. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
3. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
4. Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
5. Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
6. Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
7. Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
8. Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela.
9. As Bases de execución do Orzamento do Concello de Redondela.
10. Demais normativa aplicable.



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

Solicitud (Anexo I)Referencia (para cubrir pola
Administración)

Datos da entidade solicitante

Nome			
CIF			
Enderezo (rúa, número, localidade)		Código postal	
Teléfono 1		Teléfono 2	
Correo electrónico			

Datos da persoa representante da entidade

Nome e apelidos	
Cargo que ocupa	
Enderezo (rúa, número, localidade)	
NIF	TELÉFONO

Proxecto subvencionable

Solicita para a actividade ou programa que se recolle no Anexo II unha subvención por un importe total de	€
--	---

Declara baixo responsabilidade propia:

- Que acepta, despois de ler e coñecer, as bases da convocatoria de subvencións para actividades da Concellería de Cultura para o ano 2025.
- Que a entidade que represento non está incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións por parte da Administración pública, recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que os datos indicados na solicitude son certos.

Documentación que se achega

- ☐ Fotocopia da Tarxeta de Identificación Fiscal da entidade solicitante.
- ☐ Fotocopia do DNI da persoa representante.
- ☐ Memoria explicativa do proxecto (Anexo II) presentando unha por cada actividade para a que se solicita a subvención.
- ☐ Declaración responsable (Anexo III).
- ☐ Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias (Anexo IV).
- ☐ Fotocopias, no seu caso, da solicitude/concesión doutras subvencións por outros organismos.



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008. Bases e convocatoria para actividades culturais a centros, asociacións e entidades culturais para o ano 2025.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de o outorgara, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Redondela, de de 2025

Sinatura

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:05RH0GO5UB01XZDS



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

Memoria da actividade ou programa (Anexo II)

Referencia (para cubrir pola
Administración)

Entidade

Denominación, obxectivos e descrición

Denominación da actividade ou programa										
Obxectivos										
Descrición										
Actividades que se van realizar										
Lugar de celebración (no caso de que sexa en máis dunha parroquia, especifícalo)										
Calendario das actividades										
Data de inicio				Data de finalización				Nº Horas totais		
Meses nos que se realiza a actividade										
Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro
Número de persoas beneficiarias										
Total				Grupo de idade ao que se dirixe a actividade ou programa						
Responsable/s da actividade										
Nome							DNI			
Enderezo							Teléfono			

Colaboran outras entidades ou asociacións na organización desta actividade Si Non

En caso afirmativo, cales?



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

Orzamento

CONCEPTO DE GASTOS	IMPORTE
TOTAL	

CONCEPTO DE INGRESOS	IMPORTE
Subvencións doutros Entes Públicos (Este importe coincidirá co total consignado no Anexo III)	
Achegas propias do solicitante (incluídos patrocinios)	
Subvención que se solicita	
TOTAL (este importe deberá ser coincidente co total de gastos)	

Redondela, de de 2025

Sinatura

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:05RH0GO5UB01XZDS



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

Declaración responsable (Anexo III)

Referencia (para cubrir pola
Administración)

Don/Dona con NIF
..... en calidade de representante da entidade
.....

DECLARA

1.- Que acepto, despois de ler e coñecer, as Bases da convocatoria de subvencións do Ilmo. Concello de Redondela para o ano 2025.

2.- Que esta entidade non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Que o conxunto das axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para a actividade pola que se solicita subvención, procedentes de administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das previstas nestas Bases, son as seguintes:

☐ Ningunha outra axuda ou subvención.

☐ Outras axudas ou subvencións.

(sinalar a que proceda)

Importe	Solicitada/Concedida/Percibida	Administración ou entidade que concede

4.- Que son certos os datos declarados nesta Convocatoria.

Redondela, de de 2025

Sinatura

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

Declaración de obrigas tributarias (Anexo IV)

Referencia (para cubrir pola
Administración)

Don/Dona.....con
NIF.....en calidade de secretario/a da entidade.....
.....

CERTIFICA

Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, o que asino en cumprimento da letra E) do apartado 2º do Artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que é unha entidade sen ánimo de lucro.

Que esta entidade ten debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ten presentada unha renuncia por escrito.

Redondela, de de 2025

Visto e praxe

A/O Presidenta/e

Asdo.:..... A/O Secretaria/o

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DEL ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:05RH0GO5UB01XZDS



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

ANEXO V

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN POLAS ACTIVIDADES CULTURAIS A CENTROS,
ASOCIACIÓNS E ENTIDADES CULTURAIS ANO 2025

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

Entidade: _____
CIF: _____

CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Enderezo electrónico: _____

DATOS DO REPRESENTANTE:

Nome apelidos: _____
NIF: _____ Enderezo: _____
Localidade: _____
C.P.: _____ Teléfono: _____ Relación coa entidade: _____
Enderezo electrónico : _____

EXPÓN:

Que no ano 2025 obtivo una subvención do Concello de Redondela por un importe de _____ euros, para a realización de actividades culturais no ano 2025.

DECLARA que a entidade cumpriu con todas as obrigas da base 11 das Bases de subvencións.

SOLICITA

Que conforme as Bases Reguladoras para a concesión de subvencións para actividades culturais a centros, asociacións e entidades culturais, lle sexa satisfeita a axuda co fin de sufragar o custo da actividade subvencionada.

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA

1. Designación conta bancaria (Anexo VI)
2. Memoria da actividade subvencionada (Anexo VII). **Cubrirase unha por cada actividade para a que se concedeu subvención.**
3. Certificación doutras axudas (Anexo VIII).
4. Declaracións responsables (Anexo IX).
5. Facturas ou nóminas escaneadas das orixinais, acreditativas dos gastos realizados e xustificantes do pagamento.

SINATURA DO/A PRESIDENTE/A OU O/A REPRESENTANTE LEGAL

Redondela, de de 2025

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

ANEXO VI Designación de conta bancaria

I. Datos da entidade titular da conta		
NIF	Nome ou denominación social	
Enderezo fiscal		Municipio
Provincia	Código Postal	Teléfono/Correo electrónico

II. Datos da/o representante	
NIF	Nome

Alta de datos bancarios																											
III Número de conta – IBAN																											
A CUMPLIMENTAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO																											
Certifico, que a persoa indicada no apartado “I Datos do titular da conta” é titular da conta referenciada no apartado “III número de conta IBAN” para os efectos do ingreso dos importes que se lle poidan remitir desde a Tesourería do Concello en concepto de subvención para gastos correntes aos centros culturais parroquias																											
(Selo da entidade de crédito)														POLA ENTIDADE DE CRÉDITO													
Asdo.:																											

[illegible]

Data:

Sinatura (Presidenta/e ou representante legal da entidade):

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DE REDONDELA

Puede verificar la integridad deste documento no seguinte endereço:
<https://sede.depo.gal>
 Código seguro de verificación: O5RH0GO5UB01XZDS



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

Memoria xustificativa (Anexo VII)Referencia (para cubrir pola
Administración)

Denominación da actividade ou programa											
Obxectivos											
Descrición											
Actividades realizadas											
Lugar de celebración (no caso de que sexa en máis dunha parroquia, especificalo)											
Calendario das actividades											
Data de inicio				Data de finalización				Nº horas totais			
Meses nos que se realiza a actividade											
Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	
Número de persoas beneficiarias											
Total				Grupo de idade a que se dirixe a actividade ou programa							
Responsable/s da actividade											
Nome								DNI			
Enderezo								Teléfono			

Asdo. (representante da entidade):



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

ANEXO VIII

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona

_____, presidente/a ou representante legal _____,
solicitante das axudas do Concello de Redondela para financiar actividades culturais
desenvolvidas polos centros, asociacións e entidades culturais no ano 2025, e en
relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as
pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións
públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, ou
patrocinios de entidades privadas,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Axudas concedidas:

- ☐ Non se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade
- ☐ Si se me concedeu axuda para esta mesma finalidade

Entidade que concede a axuda	Importe para o ano 2025

E para que así conste para os efectos oportunos, asina o/a presidente/a ou o/a representante
legal

Redondela, de de 2025



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

ANEXO IX

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A XUSTIFICACIÓN

Entidade

CIF

Representante

NIF

Teléfono

Correo electrónico

DECLARACIÓNS:

DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin a/o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incurso en suposto ningún dos que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións Públicas.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Recadación Municipal e coa Seguridade Social.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para as subvencións do Concello de Redondela son exactas e non experimentaron variación.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumprida ningunha obriga por reintegro de subvencións.

AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a conseguir os datos que estean en poder da administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Redondela, _____ de _____ de 2025

Asdo.:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: OS5RH0GO5UB01XZDS



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

ANEXO X

CONTA XUSTIFICATIVA

Eu, Don/Dona _____ con DNI _____ en
representación de _____ con NIF _____,
adxunto a seguinte conta xustificativa:

RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS E INVERSIÓNS

ACREDOR	NÚM. FACTURA DATA DE EMISION	CONCEPT O	IMPORTE	DATA DE PAGO

*Acompañar esta conta de factura correspondente ou documento con valor probatorio equivalente no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: OSRH0GO5UB01XZDS



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

OUTROS INGRESOS OU SUBVENCÍONS PERCIBIDAS PARA A MESMA FINALIZADE

ORGANISMO	DATA DE CONCESIÓN	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE PAGO

E para que así conste para os efectos oportunos, asina o/a presidente/a ou o/a representante legal

Redondela, de de 2025

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: OS5RH0GO5UB01XZDS

